

I.- QUE É O CONSELLO ESCOLAR?

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan os distintos membros da comunidade escolar na organización do Centro.

II.- QUEN COMPÓN O CONSELLO ESCOLAR?- O director, que é o seu presidente.

- A xefa de estudos.
- Cinco profesores/as elixidos/as polo Claustro.
- Cinco representantes dos pais/nais ou titores legais dos/as alumnos/as (un/unha deles/as proposto/a pola ANPA).
- Unha representante do persoal de administración e servizos.
- Un/unha concelleiro/a ou representante do Concello da Laracha.
- A secretaria do centro, que actuará como secretaria do consello.

III.- ¿CALES SON AS COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR?

Segundo o artigo 127 da nova Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE), as competencias do Consello Escolar do centro pasan a ser as seguintes:

- a.** Aprobar e avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o Capítulo II do Título V da presente lei.
- b.** Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro de profesorado, en relación coa planificación e a organización docente.
- c.** Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d.** Participar na selección do director ou directora do centro nos termos que a presente lei establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora.
- e.** Decidir sobre a admisión do alumnado segundo o establecido nesta Lei e as disposicións que a desenvolvan.
- f.** Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e a protección dos dereitos da infancia.

- g.** Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h.** Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, á instancia dos pais, nais e titores legais, ou no seu caso o alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- i.** Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sostenibilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- j.** Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativas e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades ou organismos.
- k.** Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- l.** Elaborar propostas e informes, á iniciativa propia ou á petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade de xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- m.** Aprobar o proxecto de presuposto do centro.
- n.** Calquera outra que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.